



1 Completa no teu caderno.

- a) Deus elixiu o pobo de Reveloulle o seu plan de e fixo unha alianza con el a través de
- b) Deus liberou o seu pobo da escravitude en Exipto e fixo unha nova con

2 Contesta no teu caderno.

- a) Quen foron os patriarcas de Israel?
- b) Que prometeu Deus a Abrahán?

3 Escribe unha boa promesa que lle fixeses á túa familia e que cumprises.

maban repartiron entre elas a terra. Despois, uníronse e formaron o reino de Israel. Os principais reis foron Saúl, David e Salomón.

Os profetas anuncian un Salvador

Moitos anos despois, os israelitas esqueceron a Deus e deixaron de cumprir os Dez Mandamentos. Entón, Deus elixiu os **profetas** e encargoulles a misión de lembrar a súa promesa de salvación e de anunciar a chegada dun **Mesías Salvador**.

Deus cumpriu esta promesa na Virxe María, a quen elixiu como Nai de **Xesús, o Fillo de Deus**.

A alianza de Deus co seu pobo

Deus quixo salvar as persoas, que o coñecesen e facer delas un pobo. Para iso, **Deus elixiu o pobo de Israel** como o seu pobo, foille revelando o seu plan de salvación e fixo unha **alianza** con el, a través dos **patriarcas, de Moisés e dos profetas**.

A primeira alianza de Deus cos patriarcas

Os patriarcas do **pobo de Israel** foron **Abrahán, Isaac, Xacob e Xosé**. Foron persoas moi relixiosas que viviron hai uns 4000 anos.

Deus elixiunos, reveloulles que El é o único Deus, Creador e Salvador, e fixo unha **alianza** con eles. Por esta alianza, Deus comprometeuse a salvarlos; e eles a ter a Deus como o único Deus e a confiar nel.

Abrahán foi o primeiro patriarca e o máis importante. El comezou a formar o pobo de Israel. Deus pediulle que abandonase Mesopotamia, o seu país, e prometeulle unha terra onde vivir. Abrahán confiou en Deus e marchou a Canaán, a Terra Prometida por Deus.

Isaac, Xacob e Xosé viviron en Canaán. En tempos de Xacob, produciuse unha gran seca en Canaán e emigrou a Exipto coa súa familia.

Descubro palabras



Unha **alianza** é un pacto. A alianza que Deus fixo co pobo de Israel preparou a súa alianza nova e perfecta no seu Fillo Xesucristo e o nacemento da Igrexa, o novo pobo de Deus.

En tempos dos patriarcas, o pobo de Israel era unha familia-tribo nómade non excesivamente numerosa.

TRABALLO COA IMAXE

Observa e contesta: que patriarca viaxou de Mesopotamia a Canaán? E de Canaán a Exipto?



● A nova alianza de Deus con Moisés

En Exipto, o pobo de Israel viviu escravo. Entón, Deus elixiu a **Moisés** para liberalo. Moisés, coa axuda de Deus, liberouno e guiouno ata o deserto do Sinaí. Alí, Deus fixo **unha nova alianza** con Moisés e entregoulle os Dez Mandamentos.

Cando o pobo de Israel chegou a Canaán, as doce tribos que o formaban repartiron entre elas a terra. Despois, uníronse e formaron o reino de Israel. Os principais reis foron Saúl, David e Salomón.

● Os profetas anuncian un Salvador

Moitos anos despois, os israelitas esqueceron a Deus e deixaron de cumprir os Dez Mandamentos. Entón, Deus elixiu os **profetas** e encargoulles a misión de lembrar a súa promesa de salvación e de anunciar a chegada dun **Mesías Salvador**.

Deus cumpriu esta promesa na Virxe María, a quen elixiu como Nai de **Xesús, o Fillo de Deus**.

ACTIVIDADES

1 Completa no teu caderno.

- a) Deus elixiu o pobo de Reveloulle o seu plan de e fixo unha alianza con el a través de
- b) Deus liberou o seu pobo da escravitude en Exipto e fixo unha nova con

2 Contesta no teu caderno.

- a) Quen foron os patriarcas de Israel?
- b) Que prometeu Deus a Abrahán?

3 Escribe unha boa promesa que lle fixeses á túa familia e que cumpreses.